

DOMINGO 33 ORDINARIO CICLO C

PRIMEIRA Mal 3, 19-20a:

Amence para vós o sol de xustiza

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NA PROFECÍA DE MALAQUÍAS

Velaí chega o día: abrasará coma un forno,
e os soberbios e todos os que cometen a maldade serán palla.
Si, o día que chega será a vosa queima
-fala o Señor dos Exércitos-:
non vos deixará raíz nin ponla.
Brillará para vós, os que respectades o meu Nome,
un sol de xustiza, que trae saúde nas súas ás.

SALMO RESPONSORIAL Sal 97, 5-6. 7-8. 9a. 9bc

R/ (cf 9): Ven o Señor xulgar os pobos con rectitude

Tocade para o Señor a cítara,
a cítara e o salterio;
con claríns e con trompetas
aclamade ao Señor, noso rei.

Brúe o mar e canto o enche,
o mundo e cantos o habitan;
aplaudan os ríos,
xuntos canten os montes,

diante do Señor que vén
para rexer a terra.
El rexerá o mundo con xustiza
e os pobos con rectitude.

SEGUNDA 2 Tes 3, 7-12:

O que non queira traballar, que tampouco non coma.

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NA SEGUNDA CARTA DE SAN PAULO APÓSTOLO AOS TESALONICENSES

Irmáns e irmás:

Ben sabedes vós de que modo debedes imitarnos, xa que non nos dedicamos a andar sen xeito nin comemos de moca o pan de ninguén, senón que traballamos noite e día con esforzo e fatiga por non sermos unha carga para ningún de vós. Non porque non tivésemos dereito, senón para vos dar un exemplo que imitar, e porque, cando estabamos onda vós, xa vos demos esta norma: o que non queira traballar, que tampouco non coma.

Porque chegou aos nosos oídos que algúns de vós andan descamiñados e por riba de non traballaren nada, entremétense nas cousas dos demais. A eses mandámoslles e aconsellámoslles no Señor Xesús Cristo que traballen con acougo e que coman o seu propio pan. E vós, irmáns, non cansedes de facer o ben.

ALELUIA Lc 21, 28:

Mirade e erguede as vosas cabezas, porque está cerca a vosa redención

DOMINGO 33 ORDINARIO CICLO C

EVANXEO Lc 21, 5-19:

Coa vosa perseveranza, salvaredes as vosas vidas.

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO LUCAS

Daquela comentaban algúns a fermosa cantería con que estaba construído o templo, e os exvotos que o adornaban. Pero Xesús díxolles:

- Todo isto que estades a contemplar, días virán nos que o derrubarán ata que non quede pedra sobre pedra.

Eles preguntáronlle:

- Mestre, dínos, cando van pasar estas cousas? Cal será o signo de que van suceder?

El empezoulles a dicir:

- Estade atentos, para non vos extraviar. Porque han vir moitos no meu nome, dicindo: "son eu" e "está a chegar o momento", pero non os sigades. Cando oiades falar de guerras e desordes, non vos asustedes; que iso ten certamente que acontecer primeiro, pero aínda non será a fin.

Entón díxolles:

- Erguerase pobo contra pobo, reino contra reino; haberá grandes terremotos, pestes e fames en diversos lugares; cousas espantosas, e grandes sinais no ceo. Pero antes de todo isto botaranse sobre vós, perseguíndovos: levaranvos ás sinagogas e á cadea, ante reis e gobernadores por causa miña; así teredes a oportunidade de dar testemuño. Metede ben na cabeza que non tedes que preocuparvos pola vosa defensa, que eu vos darei unha elocuencia e mais unha sabedoría que non poderán resistir nin replicar os vossos adversarios. Entregaránvos vossos mesmos pais, irmáns, parentes e amigos. Mataránvos a algúns de vós, e todos vos aborrecerán por causa miña, e mais non perderedes nin un pelo da vosa cabeza. Coa vosa perseveranza, salvaredes as vosas vidas.